

XORNADA GALEGA PRL

Universidade e empresa ante os retos
preventivos



26 de setembro | Santiago de Compostela

Facultade de Relacións Laborais . Universidade de Santiago de Compostela



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Universidade de Vigo



avanta
prevención

PRESENTACIÓN

A xornada “**Universidade e empresa ante os retos preventivos**” expónse como un espazo pioneiro de encontro e reflexión entre as tres universidades galegas e o tecido empresarial, coa prevención de riscos laborais como eixo vertebrador. O seu obxectivo central é fortalecer os vínculos entre o mundo académico e o laboral, poñendo o foco na necesidade de mellorar o coñecemento e a aplicación das distintas funcións e responsabilidades preventivas que establece a normativa vixente.

Esta é a **primeira edición** dun evento que nace coa vontade de ter continuidade e celebrarse de maneira anual nos distintos campus galegos. Con esta periodicidade, a xornada pretende afianzarse como un punto de referencia no eido da PRL, creando un espazo estable de encontro e diálogo no que alumnado, profesorado, representantes empresariais e profesionais da prevención poidan intercambiar experiencias, expresar inquedanzas e formular propostas de mellora.

Contexto e relevancia

O contexto actual, marcado por transformacións profundas na organización do traballo e polo peso crecente da dixitalización e a sustentabilidade, reforza a importancia de crear lazos sólidos entre a formación académica e as dinámicas laborais reais. Alí a PRL configúrase non só como un cumprimento normativo, senón como un elemento estratéxico que impulsa culturas organizativas máis seguras, saudables e eficientes.

Obxectivos principais da xornada

- Situar a prevención como un punto común de colaboración entre universidade e empresa.
- Analizar os roles e responsabilidades en materia de PRL definidos na normativa, para reforzar a súa comprensión e correcta execución.
- Intercambiar experiencias prácticas que acheguen a teoría aprendida nas aulas aos retos preventivos nos centros de traballo.
- Favorecer redes de cooperación que impulsen proxectos conxuntos de investigación, transferencia de coñecemento e desenvolvemento de boas prácticas.
- Impulsar un marco de traballo co obxectivo de dar seguimento e fortalecer esta iniciativa.

Cara a unha conexión máis eficaz

Con esta xornada búscase, en definitiva, tender pontes que acheguen o académico ao laboral, xerando sinerxias que fagan máis eficaz a xestión preventiva en Galicia. Trátase de avanzar cara a un modelo no que a universidade non só forme a futuros profesionais en prevención, senón que tamén participe activamente na orientación e actualización das contornas laborais, garantindo unha resposta axustada ás necesidades reais do tecido produtivo galego.

PROGRAMA

09:00 RECEPCIÓN DE PARTICIPANTES

09:15 ACTO INAUGURAL

- Antonio Fontenla Ramil, presidente de la CEC
- Manuel Reigosa. Rector UVIGO
- Ricardo Cao. Rector UDC
- Antonio López. Rector USC

09:45 MESA 1: MANDOS INTERMEDIOS E RESPONSABLES DE EQUIPOS

- Luis Anguita. Fiscal de siniestralidade laboral de Galicia
- José Rega. Xefe do centro ISSGA A Coruña
- Modera: José Manuel Vaerla, Director Zona Galicia, AVANTA PREVENCIÓN

10:30 MESA 2. COORDINACIÓN DE ACTIVIDADES EMPRESARIAIS EN PRL

- Pablo Díaz. Xefe servizo PRL. Secretaría Xeral Técnica Xunta de Galicia
- Andrés Figuero. Investigador UDC
- Modera: Helena Fernández. Xefa servizo PRL UDC

11:15 PAUSA CAFÉ

11:45 MESA 3: LUCES E SOMBRAS DAS FUNCÍONS ESPECÍFICAS EN PRL

- Óscar Rodríguez. Subdirector da ETSE USC
- José Manuel García. Director ECIMAT UVIGO
- Antonio Vázquez. Tesorero SGPRL
- Modera: María Botana. Asesora PRL e RSC da CEC

12:30 MESA 4: ALUMNADO EN PRÁCTICAS E PRL

- Fernando Román. APROSAL
- Emilio Ignacio González, Coordinador Nacional Área PRL, FREMAP
- Modera: José David Díaz. Técnico PRL UVIGO

13:15 MESA 5: A REFORMA DA LEI PRL

- Silvia Fernández. Profesora permanente Laboral de Dereito do Traballo e da Seguridade Social, USC
- José Antonio Neira. Director do Dpto de RRLL e Asesoría Xurídica, CEG
- Modera: Juan Oreiro. Director oficina de xestión do servizo de PRL, USC

13:45 CLAUSURA

- Alejandro Villanueva. Secretario de Facultade de RRLL. USC
- Javier Iglesias. Director General AVANTA MEDICAL
- Carlos Martínez. Presidente de APROSAL
- Adela Quinzá, xerente do ISSGA

SEDE

Facultade de Relacións Laborais. Campus Vida
Avenida do Doutor Ángel Jorge Echeverri, s/n,
15782 Santiago de Compostela, A Coruña

INSCRICIÓN

A asistencia é gratuita, pero require inscrición

[INSCRICIÓN](#)

INFORMACIÓN

Confederación de Empresarios de La Coruña

981 558 456 | 981 133 702

prevencion@cec.es

ORGANIZACIÓN

- Juan Oreiro Formoso, **Universidade de Santiago de Compostela**
- José Antonio Grande carro, **Universidade de Santiago de Compostela**
- Helena Fernández Dopico. **Universidade da Coruña**
- José David Díaz Vázquez, **Universidade de Vigo**
- Rosa Coello Díez, **Universidade de Vigo**
- María Botana Rocamonde, **Confederación de Empresarios de La Coruña**
- José Manuel Varela Montecelo, **AVANTA Prevención**
- Carlos Martínez Corral, **APROSAL**



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Universidade de Vigo



avanta
prevención